



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 6 de marzo de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta minutos horas do día seis de marzo de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Regades Fernández (Resolución Alcaldía 5/03/18), por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(218).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(219).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A EXPOSICIÓN DUN BELÉN MONUMENTAL DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL 2018-2019 NO EDIFICIO MUNICIPAL DA CASA DAS ARTES EN VIGO, EXPTE. 5279/106.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 6/03/18, e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 6/03/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Comercio, o concelleiro-delegado da Área e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).

Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real decreto legislativo 3/2011.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Mediante resolución de 9 de febreiro de 2018 o concelleiro delegado do Servizo de Comercio acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar a exposición dun Belén Monumental durante a campaña do Nadal 2018-2019 no edificio municipal da Casa das Artes en Vigo.

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 6 de marzo de 2018 asinado polo xefe do Servizo de Comercio.
- Resolución do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos de data 9 de febreiro de 2018 pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
- Informe da mestra de formación de talla e escultura en madeira da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo de data 5 de marzo de 2018.
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo xefe do Servizo de Comercio, polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos con data 6 de marzo de 2018.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo xefe da Área de Servizos Xerais con data 6 de marzo de 2018 atendendo á instrución de servizo do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal de data 9 de xaneiro de 2018.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación polo procedemento aberto para a exposición dun Belén Monumental no edificio das Casa das Artes no termo municipal de Vigo asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 6 de marzo de 2018.
- Informe favorable ao expediente de contratación asinado pola letrada-titular da Asesoría Xurídica e pola xefa de asesoramento de data 6 de marzo de 2018.



## Concello de Vigo

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro de Comercio en resolución de data 9 de febreiro de 2018 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas, asinado polo xefe de Comercio e polo xefe da Área de Servizos Xerais, e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.

**Cuarto.-** : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, emitiuse pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo o día 6 de marzo de 2018 informe favorable ao expediente de contratación.

**Quinto.-** No artigo 109.3 e apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para a exposición dun Belén Monumental durante a campaña do Nadal 2018-2019 no edificio municipal da Casa das Artes en Vigo, segundo as condicións aprobadas no referido prego de prescricións técnicas particulares de data 6 de marzo de 2018, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 6 de marzo de 2018.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 67.760 euros (o importe sen IVE é de 56.000 euros €; o IVE do 21% é de 11.760 euros); dos cales 56.078,18 euros corresponden á anualidade 2018 con cargo á partida orzamentaria 4310.2279901 (PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DO COMERCIO), e 11.681,82 euros á anualidade 2019.

**TERCEIRO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento negociado con publicidade e trámite ordinario conforme ao previsto no TRLCSP..

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(220).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA PÚBLICA VIARIA, RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 6619/252.**

Vistos os informes de fiscalización de data 6/03/18, dáse conta do informe-proposta de data 6/03/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 6 de marzo de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de marzo de 2018, adoptou o seguinte acordo:



## Concello de Vigo

*“Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:*

- *Na sesión do 1 de febreiro de 2018: GENERAL DE ASFALTOS Y SERVICIOS S.L. (lote 3) por non superar o umbral previsto no apartado 8.A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Na sesión do 19 de febreiro de 2018, polo motivo previsto na cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares (“Comportase erro manifesto no importe da proposición”):*
  1. *FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (lote 1)*
  2. *UTE CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. COPASA – GESECO (lote 2)*
  3. *ALTHENIA, S.L. (lote 2)*
  4. *UTE CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. COPASA – GESECO (lote 3)*

*Segundo.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo de Limpeza o 28 de febreiro de 2018:*

1. *UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS, S.R.L. - CIVIS GLOBAL, S.L.U. (lote 2)*
2. *ALTHENIA, S.L. (lote 3)*

*Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252) na seguinte orde descendente:*

### LOTE Nº 1

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	CONTENUR, S.L.	97,47
2	UTE CESPACIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, S.A. - URBASER, S.A.	83,57
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	77,95

### LOTE Nº 2

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.	98,80
2	UTE CESPACIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, S.A. - URBASER, S.A.	90,12
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	82,49

### LOTE Nº 3

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.	98,88
2	UTE CESPA CIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES, S.A. - URBASER, S.A.	87,12
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	81,64

Cuarto.- Requiritir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONTENUR, S.L. (lote 1) e FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (lotes 2 e 3), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE, esixible unicamente a FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. respecto do lote 3 polo motivo previsto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP ("cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente")

Quinto.- Requiritir aos citados licitadores o aboamento de 2.209,45 euros (736,48 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación".

**Segundo.-** Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONTENUR, S.L. (lote 1) e FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (lotes 2 e 3), o día 5 de marzo de 2018, que presentan a documentación requirida o 6 de marzo de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 6 de marzo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar CONTENUR, S.L. (lote 1) e FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (lotes 2 e 3), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONTENUR, S.L. (lote 1) e FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (lotes 2 e 3), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 29 de xaneiro de 2018 e 28 de febreiro de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CONTENUR, S.L. o lote 1 (“mantemento, limpeza e reposición dos colectores para fracción resto, dos colectores soterrados e das papeleiras, incluíndo o baleirado destas; así como o mantemento e reposición da maquinaria e vehículos necesarios para a realización destas prestacións”) do procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252) por un importe total de 5.662.398,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 514.763,51 euros, de acordo a seguinte distribución de custos:*

Áreas de gasto:		Ano 1	Ano 2	Total contrato
<b>(A) Custos totais Persoal e explotación servizos</b>		1.807.730,45 €	1.918.265,21 €	3.725.995,66 €
<b>3.- Aplicación de gastos xerais e beneficio industrial</b>	Gastos xerais	180.773,04 €	191.826,52 €	372.599,56 €
	Beneficio industrial	72.309,22 €	76.730,61 €	149.039,83 €
<b>(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial</b>		2.060.812,71 €	2.186.822,34 €	4.247.635,05 €
<b>4.- Custos para reposición de medios materiais e mecánicos - proposta fixa mínimo</b>		350.000,00 €	350.000,00 €	700.000,00 €
<b>4.1.- Incremento proposto polo licitador derivado da aplicación da baixa do apartado (B) para o apartado de reposición de medios mecánicos e materiais</b>		100.000,00 €	100.000,00 €	200.000,00 €
<b>Total custo anual sen IVE ((B) + (4) + (4.1))</b>		2.510.812,71 €	2.636.822,34 €	5.147.635,05 €
<b>5.- IVE de aplicación</b>		251.081,27 €	263.682,23 €	514.763,51 €
<b>Total custo anual con IVE</b>		<b>2.761.893,98 €</b>	<b>2.900.504,58 €</b>	<b>5.662.398,56 €</b>

Adxudicar a FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. os lotes 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote 2 (“recollida e transporte de residuos domésticos (fracción resto, fracción orgánica e voluminosos, incluídos os RAEEs -Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos-); xestión do punto limpo municipal; a limpeza urbana e de praias do termo municipal de Vigo, e a recollida e transporte dos residuos derivados destas labores de limpeza; así como o mantemento e reposición da maquinaria e vehículos necesarios para a realización destas prestacións”) é de 60.063.965,21 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.460.360,48 euros, de acordo coa seguinte distribución de custos:

Áreas de gasto:		Ano 1	Ano 2	Total contrato
<b>(A) Custos totais Persoal e explotación servizos</b>		24.459.847,58 €	24.876.918,83 €	49.336.766,41 €
<b>3.- Aplicación de gastos xerais e beneficio industrial</b>	Gastos xerais	978.393,90 €	995.076,75 €	1.973.470,65 €
	Beneficio industrial	244.598,48 €	248.769,19 €	493.367,67 €
<b>(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial</b>		25.682.839,96 €	26.120.764,77 €	51.803.604,73 €
<b>4.- Custos para reposición de medios materiais e mecánicos - proposta fixa mínimo</b>		500.000,00 €	500.000,00 €	1.000.000,00 €
<b>4.1.- Incremento proposto polo licitador derivado da aplicación da baixa do apartado (B) para o apartado de reposición de medios mecánicos e materiais</b>		900.000,00 €	900.000,00 €	1.800.000,00 €
<b>Total custo anual sen IVE ((B) + (4) +(4.1)</b>		27.082.839,96 €	27.520.764,77 €	54.603.604,73 €
<b>5.- IVE de aplicación</b>		2.708.284,00 €	2.752.076,48 €	5.460.360,48 €
<b>Total custo anual con IVE</b>		<b>29.791.123,96 €</b>	<b>30.272.841,25 €</b>	<b>60.063.965,21 €</b>

- b) O prezo total do lote 3 (“mantemento, limpeza e reposición dos colectores para os residuos domésticos reciclables (papel-vidrio-envases-pilas), recollida e transporte do mesmos, a recollida e transporte de roupa usada e aceites; así como o mantemento e reposición da maquinaria e vehículos necesarios para a realización destas prestacións”) é de 3.694.458,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 335.859,91 euros, de acordo coa seguinte distribución de custos:





## Concello de Vigo

Áreas de gasto:		Ano 1	Ano 2	Total contrato
<b>(A) Custos totais Persoal e explotación servizos</b>		1.111.985,11 €	1.123.104,96 €	2.235.090,07 €
<b>3.- Aplicación de gastos xerais e beneficio industrial</b>	Gastos xerais	44.479,40 €	44.924,20 €	89.403,60 €
	Beneficio industrial	66.719,11 €	67.386,30 €	134.105,41 €
<b>(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial</b>		<b>1.223.183,62 €</b>	<b>1.235.415,46 €</b>	2.458.599,08 €
<b>4.- Custos para reposición de medios materiais e mecánicos – proposta fixa mínimo</b>		350.000,00 €	350.000,00 €	700.000,00 €
<b>4.1.- Incremento proposto polo licitador derivado da aplicación da baixa do apartado (B) para o apartado de reposición de medios mecánicos e materiais</b>		100.000,00 €	100.000,00 €	200.000,00 €
<b>Total custo anual sen IVE ((B) + (4) +(4.1))</b>		<b>1.673.183,62 E</b>	<b>1685.415.,46 €</b>	3.358.599,08 €
<b>5.- IVE de aplicación</b>		167.318,36 €	168.541,55 €	335.859,91 €
<b>Total custo anual con IVE</b>		<b>1.840.501,98 €</b>	<b>1.853.957,01 €</b>	3.694.458,99 €

*Propón para este lote un 100% de aplicación ao prezo por tonelada para a venda do residuo papel para a súa aplicación á referencia publicada por ASPAPEL para a calidade 1.01.01 (embalaxes de papel e cartón, contendo un mínimo do 70% de cartón ondulado, sendo o resto outros produtos de papel e cartón).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e dous minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE  
David Regades Fernández.